

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de agosto de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e catro de agosto de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral accta., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1082).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión ordinaria do 24 de xullo, extraordinaria do 27 xullo, extraordinaria do 31 de xullo, ordinaria do 3 de agosto, extraordinaria do 10 de agosto e extraordinaria e urxente do 10 de agosto de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1083).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN, POR DELEGACIÓN, DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA, QUE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENES INMOBLES DO ANO 2009. EXPTE. 37684/512.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro de Economía e Facenda, do 3.08.09, pola que acorda o seguinte:

1º- Aprobar o padrón do Imposto sobre bens inmobles do ano 2009 por importe de 51.536.241,02 € (cinconta e un millóns cincocentos trinta e seis mil douscentos corenta e un euros con dous céntimos) que consta de 201.205 inscricións de bens de natureza urbana por importe de 49.497.809,43 € segundo relación comeza por Fernandez Diz, Jose Luis e remata por Calviño Rodríguez Dolores e de 739 inscricións de bens de características especiais por importe de 2.038.431,59 € segundo relación comeza por Spanair S.A. e remata por Aqualia Gestion Integral del Agua."

2º.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"

3º.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

3(1084).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN, POR DELEGACIÓN, DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA, QUE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2009. EXPTE. 39668/516.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro de Economía e Facenda, do 3.08.09, pola que acorda o seguinte:

1º- Aprobar o Padrón do Imposto sobre actividades económicas do Municipio de Vigo para o ano 2009 por importe total 12.997.083,46 € dos que 11.554.812,25.- € corresponden a cota municipal e 1.452.271,21,-€ ao recargo provincial que contén 4.469 inscricións, comezando "REMAR GALICIA" e rematando por "ZURICH ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REAS".

2º.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico

Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

4(1085).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN “SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI” PARA AXUDA DE GASTOS DE TRANSPORTE E ORGANIZACIÓN DA ESTANCIA EN VIGO DE 57 NENOS SAHARAUIS. EXPTE. 5661/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.08.09, o conforme do interventor xeral accidental e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 22.05.09, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Conceder a asociación Solidariedade Galega có Pobo Saharai, CIF G-15924558 unha subvención pola contía de 10.000 euros para axuda dos gastos de transporte e organización da estancia en Vigo de 57 nenos saharauis dos que 16 serían o obxecto da presente subvención.
2. Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
4. A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.
As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as

esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar esta ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
8. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estar-se ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.
9. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado-cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

10. O beneficiario poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
11. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexeráse pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

5(1086).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL PARA COADJUVAR ÓS GASTOS DE MANTEMENTO DOS CENTROS PROTEXIDOS DE VIGO. EXPTE. 5810/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.08.09 e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 9.07.09, conformado polo concelleiro de Economía e Facenda e polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Conceder a Asociación de Ayuda al Enfermo Mental, con CIF G-36044295, unha subvención por importe de 7.212 € en concepto de mantemento dos centros protexidos de Vigo, e programas psicosociais para o ano 2009, e isto con cargo á partida 111.0.489.00.02 (Subvencións por razóns humanitarias) ou no seu defecto con cargo a bolsa xurídica de vinculación do vixente orzamento.
2. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
4. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
5. A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá pre-

sentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
7. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
8. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
9. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estar-se ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

10. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado-cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

11. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
12. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

6(1087).- CAMBIO DE DATAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS “XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS” RECOLLIDAS NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC APROBADO O 1.06.09. EXPTE. 2095/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 11.08.09, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con data 1 de xuño de 2009, a Xunta de Goberno Local aprobou o convenio coa asociación cultural Interfolc, convocatoria e bases das “X Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas”. Expte.: 3095/335 que terían lugar os días 31 de outubro, 1 e 7 de novembro de 2009 no Centro Cultural Caixanova.

Con data 9 de xullo o Centro Cultural Caixanova comunica un cambio na programación das datas previstas para a celebración do antedito evento, confirmando unicamente a reserva das seguintes datas no Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova: o día 21 de novembro de 18,00

horas a 21,00 horas; e o día 27 de decembro de 2009, de 09,00 horas a 14,00 horas e de 16,00 horas a 21,00 horas para a celebración da presentación das xornadas e a final respectivamente.

Como consecuencia do anterior, o lugar e data de celebración da 1ª e 2ª final das Xornadas se trasladada ao Auditorio de Valadares os días 29 de novembro e 6 de decembro respectivamente ás 20,00 horas.

Á vista do exposto, previo o informe da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Que se aprrobe o cambio de datas e lugar de celebración na convocatoria para o ano 2009 das “X Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas” - Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc. Expte.: 3095/335 que celebraránse nos seguintes lugares e datas:

- ✓ Día 21 de novembro de 2009 de 19,00 a 20,30 horas no Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova terá lugar a presentación das “X Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas”.
- ✓ Día 29 de novembro de 2009 ás 20,00 horas no Auditorio de Valadares celebraranse a 1ª final.
- ✓ Día 6 de decembro de 2009 ás 20,00 horas no Auditorio de Valadares terá lugar a 2ª final.
- ✓ Día 27 de decembro de 2009, ás 18,00 horas no Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova para a celebración da final das Xornadas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1088).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 45405/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 27.07.09, o informe de de fiscalización, do 31.07.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 10.06.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española, CIF Q2866001G, para a prestación do servizo de Centro de Día para as persoas maiores coas condicións que contén o texto do propio convenio dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2009.

2º.- Aprobar o gasto por un importe total de 113.000 euros con cargo á partida 3130 4890000 “Subvencións a asociacións, entidades, etc, de carácter social”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL, E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES

Vigo, de de 2009

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007,

Doutra parte D. Jorge Araújo Cortegoso como Presidente Provincial da Cruz Vermella Española, en virtude de nomeamento polo acordo de data 31 de maio de 1999 do Comité Autonómico, en representación da mesma segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I- Que a Cruz Vermella Española nas súas normas de ordenación, aprobadas polo Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo (BOE núm. 56, de 05.03.96), modificado polo Real Decreto 2219/1996, de 11 de outubro (B.O.E. núm. 247, de 12.10.96), polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, ó prevenido nos Estatutos da Cruz Vermella Española, aprobados o 28 de xuño de 1997, e publicados no "Boletín Oficial del Estado" do 17 de setembro seguinte, configúrase como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas polas mesmas, sendo a súa duración indefinida e gozando dos beneficios inherentes ás entidades públicas (Artigo 1). Asimesmo, entre os obxectivos e fins concrétese a consecución, entre outros, da promoción e colaboración en accións de benestar social en xeral e de servizos asistenciais e sociais, referencias todas elas que recollen os Estatutos da Institución e que concreta na prestación, entre outros, dos servizos de xestión de centros de día. O obxecto do presente convenio e precisamente a colaboración ao mantemento dun Centro de Día para Persoas Maioras que a Cruz Vermella xestiona na rúa Cánovas del Castillo nº 16, 5º planta de Vigo.

II.- A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais con poboación superior a 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que: os poderes públicos fomentarán, asi mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización,

calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí: Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións, e sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

III.- O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun importante colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir ao recurso dos Centros de Día; recurso que constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais dos que dispón o Concello, ao ser este un espazo onde o usuario recibe unha atención personalizada e integral para mellorar a súa calidade de vida, en compañía doutras persoas maiores do seu contorno que se atopan en similares circunstancias, o que lle permite establecer relacións que diminúan o seu illamento, creando nos usuarios hábitos que reforzan o seu estado de saúde e benestar xeral.

A Cruz Vermella conta cun centro de día sito na rúa Cánovas del Castillo nº 16, 5ª planta, que ven funcionando desde o ano 1998, cun alto nivel de calidade. Ao funcionamento deste centro e á calidade do seu servizo ven contribuíndo o Concello de Vigo a través de achegas municipais anuais, canalizadas a través de convenios de colaboración. O Concello non dispón do recurso de centros de día para persoas maiores, polo que se considera convinte fomentar este tipo de recursos colaborando ao seu mantemento e econcretamente ao citado da Cruz Vermella.

IV.- A concesión directa da subvención obxecto deste convenio á Cruz Vermella fúndase nas singulares características desta entidade, na experiencia que vai dita na prestación deste servizo na cidade de Vigo e nos principios que inspiran a súa actuación: humanidade, imparcialidade, voluntariado e, ausencia de ánimo de lucro; circunstancias estas que aconsellan, de acordo co artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a suscripción deste convenio singular coa Cruz Vermella sen promover concorrència pública.

V.- De acordo con todo o anterior, os intervintes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar ao mantemento do Centro de día para persoas maiores da Cruz Vermella na rúa Cánovas del Castillo en Vigo.

VI.- Que a entidade Cruz Vermella non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Cruz Vermella, o Concello de Vigo e a dita entidade Cruz Vermella, convenian a súa colaboración na prestación do servizo de Centro de día para persoas maiores e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.-

A entidade Cruz Vermella comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo no exercizo das súas competencias en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social a través do Centro de Día que ven xestionando na rúa Cánovas del Castillo nº 16 de Vigo, nos termos que seguen:

- Prestará no Centro de Día para Persoas Maiores, por medio do persoal especializado correspondente, os seguintes servizos:
 - Atención social, psicolóxica e médica
 - Actividades ocupacionais, terapéuticas e de ocio
 - Rehabilitación física: ximnasia de mantemento, fisioterapia
 - Rehabilitación psicolóxica: estimulación cognitiva, psicomotricidade
 - Servizo de comedor de comida e merenda
 - Servizos complementarios de coidado persoal: ducha xeriátrica (ante incidencias)
 - Servizo de transporte adaptado, ate completar as prazas dispoñibles.

O horario do Centro será de 9,00 a 18,00 horas de luns a venres inclusive, excepto días de lecer.

Os obxectivos, beneficiarios, baremo e criterios de admisión no Centro de día, axustaranse ao revisito nos Anexos I (obxectivos), II (beneficiarios), III (baremo de admisión) e IV (criterios de admisión).

- Escomenzará a atención ó usuario admitido no prazo máximo de cinco días, sempre que o centro dispoña de praza libre.
- Comunicará ao Concello no mesmo prazo de cinco días as baixas que se produzan e os seus motivos, para cubrilas o mais rápidamente posible.
- Realizará follas de seguimento de tódolos usuarios que entregarán ós servizos sociais municipais de atención primaria cunha periodicidade semestral nas situacións que non requiren unha intervención, avaliación, etc..., e no momento necesario cando se produzan as circunstancias anteriores.

En xeral, cumprirá coas obrigas consignadas para as beneficiaris das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Propoñer a Cruz Vermella solicitantes de praza que cumpran os requisitos exisidos no Centro de día.
- Tramitar as solicitudes para dito servizo na área dos servizos sociais de atención primaria aportando a documentación precisa.

- *Conceder directamente á entidade Cruz Vermella unha subvención para o exercicio 2009 por importe de 113.000 euros con cargo a partida 3130 4890000 “Subvencións a asociacións, entidades, etc de carácter social”.*

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calqueira outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

O presente convenio de colaboración extenderá a súa eficacia a todo o ano 2009, isto é desde o 01/01/2009 ata o 31/12/2009.

Polo período de eficacia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 113.000,00€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890000, do vixente exercicio presupuestario

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

- *50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*
- *50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou ele-

mentos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.-

A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada facendo constar esta subvención nun lugar perfectamente visible das instalacións do centro de día. No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar tamén a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

A presente subvención terá, por outra parte, a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Cruz Vermella e dous técnicos deste Concello, presidida pola Concelleira responsable dos Servizos Sociais ou persoa en quen delegue.

Oitavo.-

A entidade Cruz Vermella someterase á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A entidade Cruz Vermella poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo.-

A Cruz Vermella presentará antes do día 31 de xaneiro de 2010, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- ◆ *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*
- ◆ *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
 2. *Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.*
 3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2009.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinérgica da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na

Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXOS:

ANEXO I (Obxectivos)

- ◆ Facilita-lo mantemento da persoa maior no seu medio colaborando coa familia na atención que éstas persoas precisen.*
- ◆ Ofrecer un xeito de vida estimulante que rompa co aillamento destas persoas maiores nas súas casas.*
- ◆ Completa-la rehabilitación física ou psíquica de maiores que precisaron dunha hospitalización.*
- ◆ Conseguir que os usuarios recobren o manteñan o grado de funcionalidade e autonomía idóneos.*
- ◆ Facilita-la integración dos usuarios na comunidade.*

ANEXO II (Beneficiarios)

Poderán obter-la atención no Centro de Día as persoas de 65 ou máis anos que reúnan os criterios para a admisión que se detallan no anexo IV así coma os seguintes requisitos:

- a) Ter reducida a súa autonomía para as actividades da vida diaria, con carencias na súa situación bio-psico-social.*
- b) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, ou enfermidade clínica que requira atención nun centro hospitalario, nin sufrir trastornos mentais ou de conducta que poidan altera-las normas de convivencia do centro.*
- c) Estar empadroado na cidade cunha antigüedad mínima de tres anos. Esta condición poderá obviarse no caso de empadroados na cidade que acolleran os familiares directos residentes noutros municipios por circunstancias sociais que avaliarán os técnicos dos servizos sociais no momento de formulá-la proposta correspondente.*

Os expedientes que xurdan a partir da solicitude de praza, deberán superar un procedemento de valoración de idoneidade e baremaranse de acordo ó sinalado no anexo III, e segundo a puntuación obtida, establecerase a orde para o ingreso no Centro. Dito ingreso suporá a firma dun contrato de atención, xunto co cal entregárase unha copia do regulamento interno do centro de día.

Os usuarios do Centro deberán cumprir en todo momento as normas de réxime interior que rixan no Centro.

O número de prazas mínimo cos que deberá contar o centro de día será de 25. Para os usuarios clasificados no apartado f) do anexo IV será do 40% como máximo. Esta porcentaxe podería ampliarse pola comisión avaliadora que se crea no presente convenio.

Créase unha comisión avaliadora para a incorporación efectiva do usuario. Estará formada por dous técnicos, un por cada unha das partes (en traballo social e psicoloxía), así como o médico adscrito ó Centro co fin de confirmar si cumpre os requisitos e criterios para acceder o Centro, e establecece un período de proba ata un máximo de 15 días naturais.

ANEXO III (Baremo de admisión)

Na valoración dos expedientes de solicitude de ingreso no Centro de Día, ponderaranse as seguintes variables:

- Situación socio-familiar
- Situación de dependencia física e/ou psíquica
- Situación económica
- Situación da vivenda e o seu entorno
- Idade
- Avaliación doutras circunstancias
- A puntuación máxima será de 140 puntos.

1.- SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

Puntuación:

- ◆ Vive só, sin familia na localidade , tendo cuberta por terceiras persoas a atención que precisa no seu fogar32
- ◆ Vive só, con familia na mesma localidade, que non pode prestarlle a atención que necesita.....26
- ◆ Vive con familiares de primeiro grao con cargas especiais (outros maiores, fillos pequenos, situación de hacinamento, etc).....21
- ◆ Vive con outra ou outras persoas (coidadores ou familiares a partires do segundo grao) que non poden prestarlle a debida atención.....16
- ◆ Vive con algún fillo, ou cónxuxe pero a situación non é a idónea debido a diversas circunstancias que poden ser paliadas coa atención do solicitante no Centro de Día11

2.- SITUACIÓN DE INCAPACIDADE FÍSICA DO SOLICITANTE:

Puntuación:

◆ <i>Limitación no campo visual:</i>	<i>moderada.....1</i>
	<i>severa.....2</i>
	<i>completa.....3</i>
◆ <i>Limitación na audición:</i>	<i>leve.....1</i>
	<i>moderada.....2</i>
	<i>severa3</i>
◆ <i>Incontinencia urinaria:</i>	<i>ocasional.....0,5</i>
	<i>frecuente.....1</i>
◆ <i>Incontinencia fecal:</i>	<i>ocasional.....1</i>
◆ <i>Dificultad en el manejo de extremidades superiores:</i>	
	<i>leve.....1</i>
	<i>moderada.....2</i>
◆ <i>Dificultad en el manejo de extremidades inferiores:</i>	
	<i>leve.....1</i>
	<i>moderada.....2</i>
◆ <i>Dificultad respiratoria:</i>	<i>leve.....1</i>
	<i>moderada.....2</i>
◆ <i>Insuficiencia cardíaca:</i>	<i>leve.....1</i>
	<i>moderada..... 2</i>

3.- SITUACIÓN DE INCAPACIDADE PSÍQUICA DO SOLICITANTE:

◆ <i>Dificultad en la orientación espacio-temporal:</i>	
	<i>leve..... 1</i>
	<i>moderada.....2</i>
	<i>severa.....3</i>
◆ <i>Alteración de la percepción:</i>	<i>leve.....1</i>
	<i>moderada.....2</i>
◆ <i>Dificultad en la comunicación:</i>	<i>leve.....1</i>
	<i>moderada.....2</i>
	<i>severa.....3</i>

◆ Desequilibrio emocional:	leve.....	1
	moderado.....	2
	severo.....	3
◆ Trastorno de la memoria:	leve.....	1
	moderado.....	2
	servero.....	3
◆ Trastorno de la conducta (por agresividad):	leve.....	2
	moderado.....	1
◆ Trastorno de la conducta (por apatía):	leve.....	1
	moderado.....	2

(Puntuarase únicamente o rasgo que sexa predominante)

4.- SITUACIÓN ECONÓMICA

Aplicaranse unhas táboas de valoración da situación económica segundo os ingresos do solicitante:

De:	0 a 240,40 €.....	20
	240,41 a 300,51 €.....	19
	300,52 a 360,61 €.....	18
	360,62 a 420,71 €.....	17
	420,72 a 480,81 €.....	16
	480,82 a 540,91 €.....	15
	540,92 a 601,01 €.....	14
	601,02 a 661,11 €.....	13
	661,12 a 721,21 €.....	11
	721,22 a 781,32 €.....	9
	781,33 a 841,42 €.....	7
	841,43 a 901,52 €.....	5
	901,53 a 961,62 €.....	3
	961,63 a 1021,72€.....	1
	Máis de 1021,72 €.....	0

5.- SITUACIÓN DA VIVENDA E O SEU ENTORNO

- ◆ Con barreiras arquitectónicas que dificulten o desenvolvemento da vida diaria.....20
- ◆ En condicións deficientes (non só pola habitabilidade senón tamén pola súa adaptación) ou ailladas do casco urbán ou na zona rural.....15
- ◆ Sen medios de comunicación que faciliten a integración ou acceso a outros recursos.....10

◆ *En condicións aceptables de habitabilidade e comunicación pero: aillada, fora do casco urbán, en zona rural, con espazos limitados, etc.....5*

6.-IDADE

Nesta variable valórase a idade do solicitante, en coherencia cos principios que informan e xustifican asistencia ás persoas da terceira idade.

Dárase un punto por cada ano a partir dos sesenta e cinco anos cumpridos (máximo 30 puntos)

7.- EVALUACIÓN DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS:

Neste apartado valóranse especiais situacións do solicitante que, sin estar comprendidas nos supostos contemplados nos apartados anteriores, requiran sin embargo ser obxecto de valoración. A puntuación máxima será de 6 puntos.

ANEXO IV (Criterios de admisión)

No Centro de Día atenderáse a:

- a) Persoas cuio ingreso nas Institucións en réxime de internamento sexa posible e convinte evitar.*
- b) Persoas con incapacidade susceptible de mellorar a súa autonomía e evitar o seu deterioro.*
- c) Persoas con secuelas de ictus, parkinsonismos ou outros problemas neurolóxicos que afectan a marcha e inestabilidade, así como outras funcións.*
- d) Persoas con problemas osteoarticulares, artrosis deformantes ou outras afeccións do aparato locomotor susceptibles de mellora funcional.*
- e) Persoas con deterioro cognitivo, que precisen estimulación de funcións superiores que poidan mellorar a súa calidade de vida e retardar a súa dependencia.*
- f) Persoas afectadas por procesos dexenerativos susceptibles de mellora funcional.*
- g) O nivel de deterioro das persoas recollidas nos apartados anteriores debe ser considerado leve ou moderado, non puidéndose atender no Centro de Día trastornos que afecten en grao severo á mobilidade, continencia ou agudeza auditiva.*

ANEXO V (Criterios de baixa)

Establécense as seguintes causas de baixa no Centro de Día:

- a) Baixa voluntaria*

- b) *Finamento do usuario*
- c) *Traslado definitivo da súa residencia a outro municipio*
- d) *Inadecuación, por interferir no bo funcionamento do Centro, incumprindo o regulamento interior do mesmo*
- e) *Non abonala tarefa establecida según recolle a Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas (BOP nº 249 de 30/12/98)*
- f) *Deterioro, ó producirse modificacións na situación biopsicosocial do usuario que sexan incompatibles ca súa permanencia no Centro.*

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

Pola Cruz Vermella

Polo Concello de Vigo

8(1089).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A INTERVENCIÓN FAMILIAR E ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO NO MARCO DA ATENCIÓN PRIMARIA MUNICIPAL DAS MINORÍAS ÉTNICAS CIGANA E XITANA. EXPTE. 45647/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 5.08.09, , e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Sociais, do 4.08.09, conformado pola xefa de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral acctal., a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Fundación Secretariado General Gitano, CIF G83117374 para a execución dun proxecto de intervención familiar e erradicación do chabolismo no marco da atención primaria municipal das minorías étnicas cigana e xitana, coa realización das actuacións concretas que figuran no convenio.

2º.- Aprobar o gasto de 109.200 € (CENTO NOVE MIL DOSCENTOS EUROS), con cargo á partida 3130.226.08.00, “Programas minorías étnicas”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A INTERVENCIÓN FAMILIAR E A ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO NO MARCO DA ATENCIÓN PRIMARIA MUNICIPAL DAS MINORÍAS ÉTNICAS CIGANA E XITANA

En Vigo , a de de 2009

REUNIDOS

Dunha parte Dª María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007,

Doutra parte, D. Pedro Puente Fernández, na súa calidade de Presidente da Fundación Secretariado Gitano, nomeado en Asemblea Xeral Ordinaria, o 3 de xullo de 2001, en representación da mesma segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

M A N I F E S T A N

I.- A Fundación Secretariado General Gitano, que ten entre os seus obxectivos a integración, promoción e inserción social do pobo xitano en xeral.

II.-A Constitución Española reconece expresamente no seu artigo 14 o principio de igualdade dos españois diante da lei, sen que poida prevalecer discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Segundo o establecido no apartado 2 do artigo do Texto Constitucional, correspondelles aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos no que se integra sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O Estatuto de Autonomía de Galiza, Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril (BOE nº 101, do 28/04/81) determina, en correspondencia coa Constitución, que a materia de asistencia social é de exclusiva competencia da Comunidade Autónoma (art. 27.23).

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1, establece que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes prestarán, en todo caso os servizos sociais municipais.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no art. 2 pto. 3 dí que: os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No seu artigo 3º, obxectivos do sistema galego de servizos sociais, seu pto f) dí: Facilitarlle a execución de políticas públicas de anticipación a unha sociedade multicultural emerxente, favorecendo a integración e socialización normalizada de inmigrantes, emigrantes retornados e minorías étnicas.

III.- No concello de Vigo existe un colectivo de persoas de etnia xitana e minoría cigana que pode mellorar notablemente as súas condicións persoais e sociais por medio dunha atención específica, apoiando e defendendo unha sociedade plural, tentando reducir desigualdades e, en definitiva, propiciando que a comunidade xitana sexa membro de pleno dereito na sociedade.

O Secretariado General Gitano, é a única que, dun xeito integral, está a traballar pola defensa dese colectivo, una mostra delo é o convenio plurianual asinado entre a Consellería de Vivenda e o Concello de Vigo para o alugamento de vivendas no programa de erradicación do chabolismo 2008-2011. Neste convenio se especifica a necesidade de contar coa colaboración da Fundación do Secretariado General Gitano para procurar unha solución definitiva ao realoxamento de familias chabolistas.

Dadas as singulares circunstancias de interese público, social, e humanitario que concurren neste proxecto, ambas dúas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social das comunidades xitana e cigana seguindo as Directrices do Plano de Acción para o Emprego do Reino de España, do Plano Nacional de Acción para a Inclusión Social e as recollidas no Plano Galego de Inclusión Social 2007-2012 da Xunta de Galicia. Ademais a intervención específica, de acordo cos principios de universalidade e normalización dos servizos sociais municipais, é respectuosa cos valores e cultura destas minorías étnicas é a mellor e máis eficaz forma de acadar a integración e plena participación na sociedade na que viven así como a eliminación dos riscos de marxinación e exclusión social.

IV.- De acordo con todo o anterior, os intervintes conclúen na necesidade de asinar o presente convenio cuxo obxecto é fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento dunha intervención familiar específica coas unidades familiares de etnia xitana e minoría cigana no termo municipal mediante a execución das actividades e servizos que se describen nos pactos.

V.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xeral Xitano queda fora do ámbito da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do sector público, por figurar excluído no artigo 4 de citada Lei.

VI.- A entidade Fundación Secretariado General Gitano achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das Certificacións que figuran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarias da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, lembran subscribir o presente Convenio de Colaboración conforme ás seguintes

P A C T O S

Primeiro.-

O obxecto do presente convenio é fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento dunha intervención familiar específica con 50 unidades familiares de etnia xitana e minoría cigana no termo municipal mediante a execución das actividades e servizos que se describen nos pactos.

A entidade Fundación Secretariado General Gitano comprométese a colaborar coa Consellería de Benestar Social do Concello de Vigo para o desenvolvemento dunha intervención familiar específica con 50 unidades familiares de etnia xitana e minoría cigana no termo municipal, e concretamente a desenvolver as seguintes actuacións:

Educación familiar:

- ◆ *Elaboración dun plan de intervención, execución e seguimento do mesmo para un máximo de 50 unidades familiares con necesidade dun acompañamento social, e que sexan consensuadas nas mesas de coordinación coas UBAS de cada zona.*
- ◆ *Colaboración con accións formativas grupais encamiñadas a adquisición de habilidades básicas, de relación e participación que faciliten a inclusión social das persoas ciganas e xitanas e que favorezan un lecer educativo que reforce a participación social das nenas e nenos.*
- ◆ *Actuacións comunitarias dirixidas a sensibilizar sobre o acceso aos propios dereitos e o cumprimento dos deberes como cidadáns.*

Erradicación do Chabolismo en Vigo:

- ◆ *Incorporación das familias chabolistas a plans de intervención familiar para o desenvolvemento de itinerarios de inclusión social e inserción laboral, que inclúan a adquisición de destrezas básicas, de habilidades sociais, de pautas de convivencia e, na medida do posible, de competencias profesionais. Para isto se establecerán accións de educación familiar e acompañamento social que permitan o acceso aos plenos dereitos de cidadanía e á asunción das obrigas cívicas.*
- ◆ *Incorporación das familias chabolistas a procesos de busca activa de vivenda en réxime de aluguer.*
- ◆ *Establecemento de accións de acompañamento social e de educación familiar que permitan o acceso á vivenda e, máis aló, aos plenos dereitos de cidadanía e á asunción das obrigas cívicas.*

Ademáis disto, a Fundación Secretariado Gitano aporta a súa experiencia e coñecemento no desenvolvemento e promoción da comunidade xitana, dende o respecto a súa identidade cultural, apoiando e defendendo unha sociedade plural, tentando reducir desigualdades e, en definitiva, propiciando que a comunidade xitana sexa membro de pleno dereito na sociedade.

A Fundación Secretariado Gitano se compromete a prestar os servicios e desenvolver os proxectos e actividades obxecto do presente convenio axustándose ós criterios de responsabilidade social, coherencia, transparencia e calidade que son esixibles en todo momento, estando obrigada ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como a correspondente cobertura de Responsabilidade Civil.

Segundo.-

O presente convenio de colaboración terá unha duración de un ano, entrando en vigor o 01/01/2009, polo que finalizará o 31/12/2009.

A dotación económica para a execución dos proxectos e servicios obxecto deste convenio, será aportada polo Concello de Vigo, que se reserva a facultade de solicitar para iso as axudas que estime oportunas, axustándose ó principio de adicionalidade.

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 109.200€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 2260800, do vixente exercicio presupuestario.

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

- Un 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio.
- Un 25% adicional no mes de setembro
- O 25% restante a final do ano, contra a xustificación do total do gasto realizado ata o 31 de decembro, e presentación da memoria anual.

Os abonos, excepto o primeiro, realizaranse contra a presentación dos documentos que acrediten a realización do gasto. Estes documentos se presentaran no rexistro xeral dirixidos a técnica do Departamento de Benestar Social, responsable do programa. A técnica informará sobre a xustificación económica facendo constar que o obxecto do convenio estase a realizar coas condicións estipuladas na memoria que se achegará. A Fundación Secretariado Gitano se compromete a que, ó finalizar o presente exercicio, antes do 31 de xaneiro de 2010, remitirá unha memoria completa das actividades, así como un cadro dos datos estatísticos xerados polo proxecto.

Terceiro.-

As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste Convenio ás actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grao de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados. A identificación destes proxectos levarase a cabo de forma que a identidade corporativa dos asinantes se respete en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte dos usuarios da mesma e por parte da cidadanía en xeral.

Cuarto.-

Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas ou interpretacións do convenio, se creará unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ó respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- ◆ A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do convenio. A elaboración e execución efectiva das propostas será obxecto da competente supervisión por parte do Concello de Vigo.
- b) A determinación dos obxectivos do plano anual de traballo.
- 5. A supervisión dos procesos de coordinación cos servizos sociais de atención primaria, informes de seguimento e avaliación do seu desenvolvemento.
- g) A realización de cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- ◆ A participación nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico a través dos respectivos representantes designados pola referida comisión a tal efecto.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento estará integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo. Por parte do Concello os representantes serán: a Concelleira-Delegada de Benestar Social ou persoa en quen delegue que actuará como presidenta e a técnica do Departamento de Benestar Social responsable do programa que actuará como secretaria.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Quinto.-

A Fundación Secretariado General Gitano, con suxeición á normativa aplicable e ós termos dos convenios e instrumentos que ó efecto se subscriban, desenvolverá estes proxectos e actuacións con profesionais asinados a tal fin, en exclusividade para o Concello e en locais municipais, obrigándose ó estricto cumprimento das instrucións do Concello de Vigo.

A entidade Fundación Secretariado General Gitano poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sexto.-

Se como consecuencia do convenio que poda subscribir o Concello de Vigo coa Xunta de Galicia se acordase a supervisión desta sobre, proxectos e actividades comprometidos neste acordo, actuarase en todo conforme ás condicións que adicionalmente sinale a Xunta de Galicia.

Sétimo.-

Con carácter cuatrimestral, a Fundación Secretariado Gitano presentará un informe detallado da actividade de cada proxecto e as súas actividades integrado dentro deste convenio. Ditos informes son preceptivos para poder visar, por parte da funcionaria encargada da supervisión dos proxectos, o certificado de cumprimento dos obxectivos do convenio e finalización das actividades.

Os grupos de traballo que se establezan para o adecuado seguimento deste convenio poderán afondar no contido de ditos informes de actividade, servíndose dos mesmos para realizar os cambios que se consideren oportunos con vistas á mellora continua da calidade dos servizos e proxectos que se desenvolven ó amparo deste convenio.

Oitavo.-

Calqueira incumprimento das estipulacións establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos, en especial, dos de carácter económico e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e a devolución das cantidades percibidas.

En especial, procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- *Incumprimento total ou parcial das obrigas respecto da actividade ou proxecto obxecto do convenio.*
- *Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente dos gastos relativos ás actividades obxecto do convenio.*
- *Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro sobre os gastos efectuados para as actividades do convenio, incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ao cumprimento do obxectivo do convenio.*
- *Do exceso percibido sobre o custo da actividade do convenio.*

Cando o incumprimento da actividade ou proxecto obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción.

Noveno.-

A entidade Fundación Secretariado Gitano está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

A referida Fundación poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Décimo.-

O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), rexerese pola súa normativa específica, aplicándose os principios da LCSP para resolver as dúbidas e legoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo a competente para a súa resolución.

E, de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

9(1090).- RESOLUCIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR – CURSO 2009/2010. EXPTE. 46737/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a acta da Comisión de Valoración das axudas escolares, do 24.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 24.08.09, conformado polo xefe de Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o listado das axudas municipais escolares de libros e material escolar -curso 2009/2010- ANEXO I, que consta no expediente.
 - No nivel de Educación Infantil 2ª etapa (3, 4 e 5 anos)
 - orzamento curso: 35.000 euros
 - contía da axuda para este concepto: 75 euros/alumno
 - solicitudes recibidas: (pais, nais, titores)
 - alumnos/as

- orzamento adxudicado

- 1.1.concedidas: 466
- 1.2.lista de espera: 218
- 1.3.denegadas: 178

2. Aprobar o listado que se achega das axudas municipais de comedor -curso 2009/2010- ANEXO I
 - 2.1.concedidas: 1.268
 - 2.2.lista de espera: 582
 - 2.3.denegadas: 335
3. Aprobar o aboamento das axudas concedidas que se fará con cargo á partida 3130,481,00,00 -becas libros e comedor -por un importe total de 474.166,00 euros- dos cales 35.000 destinaráanse a axudas de libros e material escolar e 439,166 a axudas de comedor.
4. Aprobar a publicación da resolución desta convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, das Unidades Básicas de Acción Social e na páxina web do Concello Asiemsmo comunicaráse a resolución aos solicitantes por correo ordinario.
5. Aprobar os seguintes anexos obrantes no expediente:
 - a) anexo I Listado xeral puntuación de solicitantes
 - b) anexo II Listado estatístico de solicitudes por UBAS
 - c) anexo III Listado estatístico por tipo de centro
 - d) anexo IV Valoración libros
 - e) anexo V Valoración comedor
 - f) anexo VI Resume xeral

10(1091).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA DE MARTA NÚÑEZ ABOY Á FEIRA DE TEATRO DE TÁRREGA. EXPTE. 11723/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 17.07.09, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 á Feira de Teatro de Tárrega que terá lugar en Tárrega entre os días 10 e 13 de setembro de 2009, autorizando que a viaxe de ida se realice o día anterior e o de volta ao día seguinte do remate da feira.

2º.- Autorizar os seguintes gastos: 50 € con cargo á partida 4510.162.00.00, 442,58 € con cargo á partida 4510.230.01.00 “dietas de persoal” e 500 € con cargo á partida 4510.231.00.00 “gastos de locomoción”.

3º.- Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, NIF 36138380-K, a través da conta de habilitación do departamento de Cultura en Caixanova nº 2080 0000 7 8 0040302691.

11(1092).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA DE MARTA NÚÑEZ ABOY Á FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 11724/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 13.07.09, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 á Feira Galega das Artes Escénicas que terá lugar en Santiago de Compostela entre os días 19 e 23 de outubro de 2009.

2º.- Autorizar os seguintes gastos: 516,85 € por 5 dietas enteiras (dependendo do programa definitivo da feira pode resultar que non sexan necesarias as dietas enteiras, circunstancia que se xustificará unha vez finalice a mesma, facendo os reintegros oportunos), con cargo á partida 4510.230.01.00 “dietas de persoal” e 150 € para kilometraje, peaxes e posibles gastos de aparcadoiro con cargo á partida 4510.231.00.00 “gastos de locomoción”.

3º.- Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, NIF 36138380-K, a través da conta de habilitación do departamento de Cultura en Caixanova nº 2080 0000 7 8 0040302691.

12(1093).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN, DE GASTO MENOR, TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA DURANTE O MES DE XULLO DE 2009. EXPTE. 11733/331.

Mediante escrito de data 3.08.09, o concelleiro delegado da Área de Cultura e Animaicón Sociocultural, en cumprimento coa base 31ª das de execución do presuposto, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de xullo, e que son os seguintes:

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTIDA	TIPO EXP.	NºRC	IMPORTE	PERCEPTOR	CIF/NIF
11692-331	Mensaxería mes maio	30/06/09	2230000	Servizos		23,84	Mensaje ría Reparto y Gestión Urgente S.l.	b36821494
11696-331	Comida atencións protocolarias	30/06/09	2260100	Servizos		89,77	Casa Saílo S.L.	b36801454

11717-331	<i>Pintado salas arquivo Pacheco (Casa das Artes)</i>	06/07/09	2120000	Servizos		2481,24	Jose Manuel Muíños Rodríguez	36130547z
11719-331	<i>Agape na cafetería do conservatorio, concerto "Orquesta Vigo 430"</i>	12/06/09	2260100	Servizos		500	Justo Hermita Quintas (comunero da Cafetería do Conservatorio)	36085450z
11687-331	<i>Instalación de climatización no departamento de Cultura</i>	27/07/09	6230000	Obras	42746	20.056,81	José Roca García S.L.	B36742278
11700-331	<i>Instalación rede de voz e datos para remodelación da oficina de Cultura</i>	15/07/09	2270600	Obras	42055	3.408,08	Iris Computers S.L.	B80654429
11728-331	<i>Contratación dun concerto de descarga ao vivo a celebrar no Centro Cultural Cai-xanova o xoves 30 de xullo ás 20 horas</i>	24/07/09	2260803	Servizos	42543	10.000,00	Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín	G36480598
11699-331	<i>Mobiliario para remodelación da oficina de Cultura</i>	15/07/09	6250000	Suministros	40961	21.951,36	Ofigal S.L.	B36109429

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

13(1094).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO PARA ORGANIZAR O 06.09.09 O TROFEO ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE. EXPTE. 8748/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta asinado polo concelleiro de Deportes, do 6.08.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Ría de Vigo a organizar o vindeiro domingo 6 de setembro de 2009, o TROFEO ENTIDAD LOCLA MENOR DE BEMBRIVE DE CICLISMO, a saída e a meta de dita proba será dende a Sociedad Cultural Bembrive, comenzando ás 10.00 horas e rematando ás 13.00 horas aproximadamente.

14(1095).- DAR CONTA DAS LOCALIDADES E CENTROS ESCOLARES INGLESES DEFINITIVOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “PILIVIVO 2009”. EXPTE. 10815/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 4.08.09, conformado pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13 de xullo de 2009, adoptou entre outros o acordo de adxudicar definitivamente a Newlink Mc Kinney-Pascual S.L o procedemento aberto para a contratación dos servizos de execución do programa de inmersión en Lingoa Inglesa (expte 10410/332) por un prezo total de 595.000.-€, e todo elo dacordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 04/05/2009 e a oferta presentada pola empresa adxudicataria.

Segundo dossier pormenorizado que se achega ao presente expediente, remitido por Newlink Mc Kinney-Pascual S.L., e seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, o presente informe ten por obxecto concretar definitivamente as localidades e centros escolares de Reino Unido nos que terá lugar a implementación do Programa Educativo Municipal “PILIVIGO 09” dende o 12 de setembro ao 3 de outubro do ano en curso. Na memoria técnica inicial a proposta de Newlink foi avaliada de xeito satisfactorio e óptimo nos apartados da localización das cidades de destino e características dos centros escolares de integración en destino. Logo de recente visita de inspección ás localidades e centros escolares de destino, xirada pola empresa adxudicataria, esta última propón o cadro definitivo de localidades e centros escolares de integración no Reino Unido que segundo exhaustivo dossier que se achega, non implica ningún tipo de merma didáctica e pedagóxica para esta iniciativa municipal, respecto das localidades e centros inicialmente ofertados. Segundo se recolle explícitamente implica unha notable mellora na calidade do programa xa que as cinco localidades propostas atópanse nun radio de acción próximo que permite unha loxística organizativa sinxela e máis operativa, e amosan unhas condicións e entornos que reúnen unha meridiana calidade de centros de interese cultural. Os cinco centros escolares de integración propostos amosan un gran nivel de implicación de todos os estamentos do centro, comproméntese a activar o sistema “pen pal” que facilitará que o alumnado vigués coñeza previamente ao seu alumnado homónimo e deste xeito tentar “emparellar” antes da estancia a cada alumno/a da nosa cidade co alumno/a inglés do centro escolar de inmersión que será o seu mentor e guía ao longo de toda a estancia de 3 semanas, e finalmente ceden as súas instalacións para o curso intensivo de inglés na primeira semana de estancia e para a organización de actividades conxuntas e consensuadas.

Por todo o anteriormente exposto, a instancia da empresa adxudicataria Newlink Mc Kinney-Pascual S.L., e de conformidade coa Concelleira Delegada de Educación, infórmase á Xunta de Goberno Local da seguinte

PROPOSTA: *definitiva de localidades e centros escolares ingleses de integración para a implementación do Programa de Inmersión en Lingoa Inglesa (PILIVIGO 09), tendo en conta que os 125 alumnos/as beneficiarios/as desta iniciativa didáctica municipal estarán distribuídos en 5 grupos de 25 alumnos:*

Localidade de Sheffield no centro escolar “All Saints Catholic High-School”.

Localidade de Norwich no centro escolar “Hethersett Old Hall School”.

Localidade de Loxley no centro escolar “Wisewood School and Community Sports College”.

Localidade de Surbiton no centro escolar “ Southborough High School”.
Localidade de Swinton no centro escolar “ Swinton Community College”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

15(1096).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PAGO DE DIETAS ÓS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES. EXPTE. 10779/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 20.07.09, conformado polo xefe e pola concelleira-delegada de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-la cantidade de 5.697,72.-€ (CINCO MIL SEISCENTOS NOVENTA E SETE CON SETENTA E DOUS EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 422.0.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- MIGUEL A. CARRERA MOURIÑO, NIF: 35.943.947-F, GRUPO B (20/01/09 – 21/04/09)	6 X 39,78.-€	238,68.-€
Zona 2.- PEDRO Mª VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO B (20/01/09 – 30/06/09)	41 X 39,78.-€	1630,98.-€
Zona 3.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C (19/01/09 – 30/06/09)	35 X 36,72.-€	1285,20.-€
Zona 4.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C (13/01/09 – 17/07/09)	27 X 36,72.-€	991,44.-€
Zona 5.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A (20/01/09 – 30/06/09)	39 X 39,78.-€	1551,42.-€

16(1097).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A AVV PRAZA DA MIÑOCA CONSTITUÍDA CON MOTIVO DA XII XUNTANZA AVV PRAZA DA MIÑOCA. EXPTE. 76577/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 6.08.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do importe en metálico achegado en data 03 de xuño de 2009 , pola AAVV praza da Miñoca , co NIF G:

36842284 , por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración na praza da Miñooca dunha chourizada o día 23 de xuño de 2009 , por non producirse danos na vía pública.

17(1098).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROMOCIONES URBANAS LAXAS CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRAS NA RÚA URZÁIZ 59. EXPTE. 71965/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 7.08.09, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 09 de marzo de 2006 por PROMOCIONES URBANAS LAXAS, S.L. con NIF B-36886083, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa URZAIZ, 59 por non producirse danos.

18(1099).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A VIUCONSA CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRAS NA RÚA ROGELIO ABALDE, 6. EXPTE. 72153/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.08.09, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 24 de outubro de 2007 por VIUCONSA, con NIF A-36660421, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ROGELIO ABALDE, 6, por non producirse danos.

19(1100).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES DROVA S.L. CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA CARRAL 6. EXPTE. 76775/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.08.09, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 02 de outubro de 2006 por CONSTRUCCIONES DROVA, S.L. con NIF B-36631695, por un importe de 3,000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa CARRAL, 6, por non producirse danos.

20(1101).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A GALORGO CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA PI Y MARGALL, 33. EXPTE. 72754/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.08.09, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 31 de outubro de 2006 por GALORDO, con NIF A-36765170, por un importe de 3,000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PI Y MARGALL, 33, por non producirse danos.

21(1102).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ROCASSE PROMOCIONES POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA CASTRELOS, 228. EXPTE. 71034/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.08.09, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 08 de xuño de 2005 por ROCASSE PROMOCIONES, con NIF B-36930204, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa CASTRELOS, 228 por non producirse danos.

22(1103).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PIZARRO 2003, S.L.U., CONSTITUÍDA POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA PIZARRO 7. EXPTE. 71096/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.08.09, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de xuño de 2005 por PIZARRO 2003, S.L.U., con NIF B-36930915, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PIZARRO, 7, por non producirse danos.

23(1104).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A D^a. CAROLINA VICENTE- 2º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19155/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.07.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 6.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Mediante resolución de data 1 de xullo de 2008, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de colaboración e apoio administrativo ao Técnico de Intervención D. Javier Muradas Blanco, á funcionaria municipal D^a Carolina Vicente Rodriguez, con nº de persoal 22.119, auxiliar de admón. xeral adscrita á Intervención Xeral.

A devandita encomenda ten carácter provisional ata a cobertura dos postos de persoal administrativo vacantes actualmente na Intervención Xeral ou ata a unha organización do traballo do servizo de xeito diferente ao actual, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de auxiliar de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

Baséase dita encomenda na petición de data 22 de febreiro de 2008 do Técnico de Intervención, co conforme do Interventor Xeral, de que se lle encomenden provisionalmente a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodriguez, auxiliar administrativa de admón xeral, funcións de colaboración e apoio administrativo ao citado funcionario D. Javier Muradas Blanco, responsable da xestión do Capítulo I do orzamento, xa que éste, ata o mes de marzo de 2005, contaba co apoio administrativo de persoal auxiliar. Asimesmo, ata o mes de setembro do 2007 -data na que foi trasladado a outro servizo- outro dos técnicos de xestión do Concello colaboraba na tramitación dos expedientes relacionados co Capítulo I.; igualmente, faise mención á necesidade de garanti-lo correcto funcionamento da Intervención Xeral, e dado que o breve prazo de tempo do que se dispón para a tramitación dos expedientes que afectan ao Capítulo I, debido a que requiren da participación de distintos servizos municipais antes da súa inclusión na nomina do persoal municipal.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2008, acordou (EXPTE. 18407/220) recoñecer a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodriguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e nº de persoal 22119, un complemento de produtividade anual por importe de 2,800.00 € a devengar trimestralmente polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal, de data 1 de xullo de 2008, previo informe acreditativo do servizo.

Recíbese na Unidade de Persoal en data 3 de xullo de 2009, informe do Técnico de Intervención co conforme do Interventor xeral de data 21 de abril de 2009, no que se informa que a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodriguez desempeñou de xeito satisfactorio durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2009 (2º Trimestre) as funcións administrativas obxecto da encomenda, polo que procedería o aboamento da cantidade de 700€ correspondentes.

Tendo en conta o recollido no art. 25 da Ley 30/84, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a

desempeñe o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondientes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo e deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

A Intervención xeral efectuou Reserva de crédito nº 16668 en data 30 de marzo de 2009, por importe de 3500,00 €

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado II a) 15 do Decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, tendo en conta o expresado no informe que precede para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación a asignación dun complemento de produtividade a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, propónse a Xunta de Goberno Local:

Recoñecer a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e nº de persoal 22119, un complemento de produtividade correspondente ao 2º trimestre do ano 2009 por importe de 700,00 € polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal, de data 1 de xullo de 2008, acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2008 e informe do técnico de Intervención de data 2 de xullo de 2009, con cargo ao Rc nº 16668 de data 30 de marzo de 2009

Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1105).- SOLICITUDE DE D^a CARMEN VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ DE RECOÑECIMIENTO GRAO PERSOAL. EXPTE. 19211/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.07.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- En escrito de data 10/07/2009 (nº de rexistro de entrada 90103989) D^o Carmen Vázquez Domínguez, con DNI 76.617.377-F, funcionaria interina por acumulación de tarefas adscrita ao Servizo de Mobilidade, Seguridade e Tráfico como enxeñeira técnica, subgrupo A2, solicita o recoñecemento e retribución do grao persoal adquirido con efectos do 10 de xullo do 2009, data na cal formalizou a toma de posesión.

Aporta a solicitante resolución de recoñecemento de servizos prestados na Xunta de Galicia de data 8 de febreiro do 2006.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Para abordar a viabilidade da pretensión exercitada debe primeiramente entrar a analizarse a natureza xurídica do vínculo que mantén á data de hoxe con Concello de Vigo.

Tras a convocatoria pública para a selección dun funcionario/a interino por acumulación de tarefas (enxeñeiro técnico industrial) para cubrir as necesidades manifestadas polo Servizo de Mobilidade e Seguridade en escrito de data 16 de abril de 2009, D^a Carmen Vázquez foi nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2009.

O artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE Nº 89, do venres 13 de abril do 2007) establece que os funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dé algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a do exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de 6 meses, dentro dun período de 12 meses (apartado d).

A selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos áxiles, que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, como foi o procedemento de selección dos efectivos executado, no marco do cal e coa máxima transparencia, publicidade, obxectividade e axilidade intentouse seleccionar ao persoal máis cualificado, utilizando os mecanismos que a lexislación vixente ofrece ao efecto.

O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademáis de polas causas consignadas no artigo 63. Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Cabe entón concluir que a relación de servizo que une á Sra. Vázquez con Concello de Vigo ten carácter estritamente temporal, iniciándose co nomeamento da mesma pola Xunta de Goberno Local e conseguinte acto de toma de posesión pola mesma o pasado día 10 de xullo de 2009.

Esta relación xenérase ex novo por ministerio da Lei, de xeito tal que non resulta posible apreciar un nexos de unión ou continuidade temporal ou secuencial coa súa vida administrativa previa á materialización do seu ingreso como funcionaria interina no Concello de Vigo, como así parece pretenderse pola reclamante. Lémbrese que foi a mesma quen decidiu -libre e voluntariamente- optar polo desempeño dun posto de traballo no sector público que non ten carácter permanente no tempo, constando con carácter previo á toma de posesión informe da Xunta de Galicia de data 6 de xullo de 2009 comunicando a constancia da formalización da opción por parte da Sra. Vázquez de prestar servizos no Concello de Vigo, sendo declarada na Xunta de Galicia na situación de excedencia voluntaria prevista no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público, e estando á espera este Concello de que se notifique pola Administración Autonómica a dita resolución.

II.- Como segundo aspecto a salientar, débese sinalar que o invocado artigo 25 da Lei 7/2007, do 12 de abril, establece claramente que:

“Los funcionarios interinos percibirán las retribuciones básicas y las pagas extraordinarias correspondientes al Subgrupo o Grupo de adscripción, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo. Percibirán asimismo las retribuciones complementarias a que se refieren los apartados b), c) y d) del artículo 24 y las correspondientes a la categoría de entrada en el cuerpo o escala en el que se le nombre.”

En aplicación do dito precepto, a reclamante ten dereito á percepción das retribucións básicas e complementarias propias dun posto base de enxeñeiro técnico industrial do Concello de Vigo, con nivel de complemento de destino 26 e complemento específico 11, sen que caiba abonar conceptos adicionais preexistentes como o pretendido, máis aló da antigüidade –principal innovación do réxime retributivo contido no citado EBEP- nos termos do apartado 2 do dito artigo 25, que literalmente dí:

“Se reconocerán los trienios correspondientes a los servicios prestados antes de la entrada en vigor del presente Estatuto que tendrán efectos retributivos únicamente a partir de la entrada en vigor del mismo.”

Trienios que xa lle foron recoñecidos á interesada por resolución de data 20 de xullo de 2009.

III.- En canto á pretensión de eficacia retroactiva dos actos administrativos (data da toma de posesión) debe salientarse que, segundo contempla o artigo 57 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, os actos administrativos suxeitos ao Dereito Administrativo presumiranse válidos e producirán efectos dende a data en que se dicten, salvo que neles se dispoña outra cousa.

O apartado 3 do mesmo artigo contempla un suposto de excepcionalidade de aplicación improcedente no presente suposto, dado que nin se dicta en substitución dun acto anulado, nin concorren os

supostos de feito necesarios existentes á data á cal se retrotraia a eficacia do acto, como esixe a citada norma procedimental.

IV.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude formulada en escrito de data 10/07/2009 (nº de rexistro de entrada 90103989) por D^a Carmen Vázquez Domínguez, con DNI 76.617.377-F, funcionaria interina por acumulación de tarefas adscrita ao Servizo de Mobilidade, Seguridade e Tráfico como enxeñeira técnica, subgrupo A2, sobre recoñecemento de grao persoal consolidado, en atención aos fundamentos xurídicos expresados no informe que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1106).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2009 DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL. EXPTE. 19176/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móvil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 2º TRIMESTRE-2009, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Manuel Alonso Iglesias e remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascenden a un total de 2.173'57 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00.

26(1107).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2009. EXPTE. 19171/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, ao persoal que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Amoedo García, Antonio e remata por Prieto Domínguez, Florentino as cantidades que figura para cada un deles e que ascenden a un total de 153'85 € (CENTO CINCOENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS), correspondente ao mes de Xuño de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE..

27(1108).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2009. EXPTE. 19173/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de XUÑO-2009 e que ascenden a un total 487'36 € (CATROCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON TRINTA E SEIS CENTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

28(1109).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2009. EXPTE. 19172/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles,

correspondentes ao mes de Xuño-09, e que ascenden a un total de 1.041'81 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

29(1110).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2009. EXPTE. 19174/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de XUÑO-2009, e que ascenden a un total de 647'52 € (SEISCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

30(1111).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULOS LIXEIROS MUNICIPAIS, NON SENDO OFICIAIS CONDUTORES, DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19177/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Educación, Parque Mobil, Cultura, Desinfección e Omic aboarásele por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 3.332,93 € correspondentes ó 2º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

31(1112).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2009. EXPTE. 19164/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Desinfección	Xuño	De Pardelals Avion, A. Avellino a Sousa Atrio, Jose Manuel	384,96	1.495,92	1.880,88
I.M.D.	Xuño	De Rial Estevez, Francisco a Rodríguez Presas, Julio	299,75	48,78	348,53
1ª Tenencia Alcaldía	Xuño	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel Antonio	284,71	89,43	374,14
Alcaldía	Xuño	De Costas Fernández, Basilio a Fontan Balbuena, Camilo	481,20	135,50	616,70
Alcaldía	Xuño	Abalde Comesaña, Raquel	104,26	0,00	104,26
Bombeiros	Xuño	De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B	22.183,32	17.685,46	39.868,78
Cemiterios	Xuño	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	2.093,22	0,00	2.093,22
Museo	Maio Xuño	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	877,18	0,00	877,18
Limpeza	Xuño	De Arango Fernández, Luciano a Sola Quiroga, José Constantino	364,91	1.078,58	1.443,49
Electromecánicos	Xuño	Arias Rodriguez Damaso	72,18	384,82	457,00
Parque Central	Xuño	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	882,20	731,70	1.613,90
Montes, Parques e Xardíns	Xuño	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	1.283,20	731,70	2.014,90
Parque Móbil	Xuño	De Alonso González, Angel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	1.399,49	1.877,35	3.276,84
Biblioteca	Maio Xuño	De Prieto Rodríguez, Pilar a Ormiguez Pérez, Susana	288,72	0,00	288,72
Policia Local	Xuño	De Abalde Casanova, Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	29.716,26	23.104,63	52.820,89
Policía Local (xornada en exceso)	Xuño	De Alonso Iglesias, Mariano a Villar Salgueiro, Jaime	4.185,52	355,74	4.541,26
Policía Local (xulgados)	Xuño	De Aguado Taboada, Manuel Fernando a Vivero Mijares, Juan Guillermo	4.427,04	0,00	4.427,04
		TOTALES.....	69.328,12	47.719,63	117.047,75
		..			

--	--	--	--	--	--

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 117.047,75 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

32(1113).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN - XUÑO 2009. EXPTE. 19205/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 10.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 10.143,92 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos Vías e Obras; O.S.P.I.O; Conserxería, Cemiterios, Inspección de Tributos, Educación, Montes, Parques e Xardíns, Igualdade, Museos, Desenvolvemento Local e emprego, Sanidade, Participación Cidadá, Parque Mobil, Benestar Social, Mobilidade e Seguridade e Limpeza correspondente os meses de maio-xuño de 2009 con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
5110	OSPIO-Vías e Obras	3.724,89 €
1210	Conserxería	459,04 €
4430	Cemiterios	159,79 €
6110	Inspección de Tributos	3.234,37 €
4220	Educación	65,74 €
4326	Montes, Parques e Xardíns	260,49 €
4632	Igualdade	95,63 €
4513	Museos	20,52 €
3220	Desenvolvemento Local e Emprego	79,84 €
4120	Sanidade	249,66 €
4631	Participación Cidadá	167,50 €
1212	Parque Móbil	235,28 €
3130	Benestar Social	105,06 €
4420	Limpeza	609,33 €
2220	Mobilidade, Transporte e Seguridade	676,78 €
TOTAL		10.143,92

33(1114).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTES AO MES DE XULLO-2009. EXPTE. 19225/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.08.09, conformado pola

xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de XULLO-2009, e que ascenden a un total de 647'52 € (SEISCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

34(1115).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE GRAN GALA DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DA VISITA DO PRESIDENTE DA XUNTA E DO DÍA DE GALICIA. EXPTE. 19229/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.08.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da visita do Presidente da Xunta e do Día de Galicia, celebrados os días 22 e 23 de xullo respectivamente, aboarase o persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don José Ignacio Vicente Ferreira e remata por don David Suárez Piñeiro por unha cantidade total de 709'88 €”.

35(1116).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XANEIRO E MAIO DE 2009. EXPTE. 19075/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 12.08.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de XANEIRO E MAIO-09 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
---------	----------	-----	-------------

Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Xaneiro	240,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a José Riveiro Rodríguez	Xaneiro	539,60
Vías e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a José Manuel Martínez González	Xaneiro	190,00
OSPPIO	De Angel Ferro Macho a José Eugenio Matilde Viñas	Xaneiro	54,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez		649,00
Alcaldía	De Basilio costas Fernández a Raquel Abalde Comesaña	Xaneiro	292,50
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Xaneiro	10,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a M ^a Luz Palmás Calvar	Xaneiro e Maio 09	2.908,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Raimundo Villar Estévez	Xaneiro	147,00
Desinfección	De Avelino Pardellas Aviión a José Manuel Sousa Atrio	Xaneiro	151,00
1 ^a Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel Antonio Vázquez Martínez	Maio	136,00
Conserxería	De M ^a Teresa Vaqueiro Herbello	Xaneiro	42,30
Policia Local	De José Luis Alonso Moreira a Francisco José Vila Campos	Xaneiro	2,154,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 72.427,50€ (SETENTA E DOUS MIL CATROCENTOS VINTE SETE EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS).

36(1117).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO-2009. EXPTE. 19234/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.08.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Desinfección	xullo	De Pardellas Avion, A. Avelino a Sousa Atrio, Jose Manuel	457,14	1.495,92	1.953,06

I.M.D.	xullo	De Rial Estevez, Francisco a Rodríguez Presas, Julio	175,44	21,68	197,12
1ª Tenencia Alcaldía	xullo	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel Antonio	208,52	121,95	330,47
Alcaldía	xullo	De Costas Fernández, Basilio a Fontan Balbuena, Camilo	529,32	168,02	697,34
Alcaldía	xullo	Abalde Comesaña, Raquel	112,28	0,00	112,28
Bombeiros	xullo	De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B	27.135,67	17.498,47	44.634,14
Cemiterios	xullo	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	1.569,94	0,00	1.569,94
Limpeza Praias	xullo	De Alonso Macias Jorreto, Juan C. a Vázquez Varela, Severino	384,96	2.344,15	2.729,11
Limpeza Praias	xuño	De Alonso Macias Jorreto, Juan C. a Vázquez Varela, Severino	0,00	579,94	579,94
Electromecánicos	xullo	Arias Rodriguez Damaso	64,16	308,94	373,10
Parque Central	xullo	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Souto, Jose Antonio	834,08	731,70	1.565,78
Conserxeria	Xullo	Fernández Alonso, José Angel	16,04	0,00	16,04
Parque Móbil	xullo	De Alonso González, Angel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	942,35	1.903,78	2.846,13
Policía Local (xornada en exceso)	xullo	De Alvarez Iglesias, Maria José a Villa Agulla, Fernando	2.710,81	283,22	2.994,03
Policía Local (xulgados)	xullo	De Alonso Duarte, David a Vila Campos, Francisco José	2.438,08	0,00	2.438,08
		TOTALES	37.578,79	25.457,77	63.036,56

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 63.036,56 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

37(1118).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2009. EXPTE. 19223/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.08.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de XULLO-2009 e que ascenden a un total 487'36 € (CATROCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON TRINTA E SEIS CENTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

38(1119).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE CENTRAL E DE SANIDADE CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2009 POR CONDUCIR VEHÍCULO LIXEIRO SEN SER OFICIAL. EXPTE. 19230/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.08.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Parque Central e Sanidade aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 1.007,63 € correspondentes ó 2º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

39(1120).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2009. EXPTE. 19224/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.08.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Xullo-09, e que ascenden a un total de 729,63 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

40(1121).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO 2009. EXPTE. 19226/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.08.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a cantidade que figura na relación que se achega a don Antonio Amoedo García e que ascenden a un total de 72'40 € (SETENTA E DOUS EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS), correspondente ao mes de Xullo de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

41(1122).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO OFICIAL SEN SER OFICIAL DE D. JOSÉ ANTONIO SANDE VÁZQUEZ, DO SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE-2009. EXPTE. 19196/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 22.08.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo funcionario do Servizo de Protección Civil, D José Antonio Sande Vázquez, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente, por un importe total de 219'05 € , correspondentes ó 2º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

42(1123).- ABOAMENTO LIMPEZA ESPECIAL DAS FONTES 1º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19140/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión, do 25.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de complemento de produtividade ao persoal do Servizo de electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais , D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 a cantidade de 350,00 € e D Francisco Oterino Fernandez, con n de persoal 10725 a cantidade de 280,00 €, correspondentes ao 1º trimestre de 2009, o que supón un total de 620.00€, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

43(1124).- ABOAMENTO PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA A D. ROSENDO COVELO ROMA, 2º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 987-340.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de recursos humanos, do 6.07.09, conformado pola

xefta do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Segundo Resolucion do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, de data 12 de maio de 2008, encomendouse provisionalmente ao funcionario administrativo de Administración xeral D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, adscrito ao Servizo de Deportes, funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das Palabras, con dereito á percepción dun complemento de produtividade que se determine segundo o disposto nas vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do servizo, considerando as necesidades organizativas do Verbum-Casa das Palabras que se demandan polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde, recollidas en escrito de 12 de maio do 2008, e ao abeiro do recollido no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público,

Da devandita Resolucion douse conta a Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 19 de maio de 2008.

En data 3 de xullo de 2009 recibese no servizo de RR.HH. proposta de aboamento dun complemento de produtividade ao devandito funcionario pola acumulación temporal de funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das palabras, para o período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2009, asinada polo coordinador da Tenencia de Alcaldía, co conforme dos concelleiros delegados de Cultura e Deportes. No escrito citado se citan as actividades desenvolvidas durante o período citado.

O art. 23 da Ley 30/84 en relación coa disposición final cuarta e derogatoria única da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

Así mesmo, nas vixentes instrucións de plantilla no apartado terceiro a) recollese que “con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado”.

Na Resolucion de data 12 de maio de 2008, sinalase que se lle encomendan as funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das palabras ao funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, sendo clarexado dita acumulación en escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras (Expte 8030/333)

Na proposta do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 1 de xullo de 2009, relaciónase os proxectos desenvolvidos polo funcionario D. Rosendo G. Covelo Roma no período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2009.

Segundo os datos obrantes na Unidade de persoal, o funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, non disfrutou de vacacións nin tivo ningunha baixa por IT do 1 de abril ao 30 de xuño de 2009.

Vistos os feitos precedentes pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, polo que previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

- ◆ O recoñecemento ao funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, o aboamento dun complemento de produtividade por importe de 2198,22 € en aplicación do recollido no apartado terceiro a) das vixentes instrucións de plantilla pola que con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, por motivos de urxencia, entendiéndose a acumulación do posto de Director Verbum Casa das palabras, por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado, polo período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2009.

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(1125).- ABOAMENTO PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS A D^a MARTA NÚÑEZ ABOY 2º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 11683/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de recursos humanos, do 6.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 3 de xullo de 2009, recibese no Servizo de persoal expediente 11683--331 “Solicitud de produtividade por encomenda de funcions ao posto de tecnico de actividades culturais do departamento de cultura no segundo trimestre do ano 2009”. Inclúese no expediente copia da comunicación a interesada da Resolución de data 25 de xaneiro de 2008 do Concelleiro delegado de xestión municipal, informe da relación de horas realizadas fora do horario habitual de traballo nos meses de abril, maio e xuño de 2009, asinado pola funcionaria e conformado polo xefe do servizo e o Concelleiro delegado da área de cultura e “solicitud de produtividade por encomienda de funcions segundo trimestre ano 2009”, asinada polo Xefe de servizo de Cultura e conformada polo Concelleiro delegado da área de cultura e animación sociocultural.

En data 25 de xaneiro de 2008, o concelleiro delegado de xestión municipal resolve encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de relativas á xestión da programación de artes escénicas e musicais da Unidade de

Cultura á funcionaria municipal D^a Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78.436, administrativa de admón xeral adscrita á Unidade de Cultura, motivada na circunstancia de que o funcionario técnico de actividades culturais que ata o momento prestaba os seus servizos no dito servizo foi trasladado á Área de Servizos Xerais. A encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de traballo de técnico de actividades culturais que no seu momento quede vacante, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de administrativo de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

De dita Resolucion douse conta a Xunta de Goberno local na súa sesion de data 4 de febreiro de 2008.

De conformidade coas instruccions de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións., agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periodico, a produtividade deberase calcular en funcion dos días efectivamente traballados .Segundo os datos obrantes na Unidade de persoal, a funcionaria D^a Marta Nuñez Aboy non disfrutou de vacacions nin tivo ningunha baixa por IT no periodo comprendido entre o 1 de abril e o 31 de xuño de 2009.

Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relacion coa Disposicion Final Cuarto e definitiva unica da Lei 7/2007 de 12 de abril, o arti. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interés e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondientes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos.

Asi mesmo, nas vixentes instruccions de plantilla no apartado terceiro a) recollese que “con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicacion extraordinaria derivada da acumulacion temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia..por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado”.

Tendo en conta que o complemento de destino do posto 191 tecnico de actividades culturais e educativas supón un importe mensual de 637,36 €, corresponderia o aboamento en concepto de produtividade a funcionaria D^a Marta Nuñez Aboy polo periodo comprendido entre o 1 de abril e o 31 de xuño de 2009 a cantidade de 1912,08 €, polo que previo informe da Intervencion Xeral proponse á Xunta de Goberno Local:

O recoñecemento á administrativa de admón.Xeral, D^a Marta Nuñez Aboy un complemento de produtividade por importe de 1912,08 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento especifico do posto 191 tecnico de actividades culturais e educativas, posto acumulado según resolucion do concelleiro delegado de xestion municipal de data 25 de xaneiro de 2008, polo periodo comprendido entre o 1 de abril e o 31 de xuño de 2009.

Dese traslado do presente acordo a interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(1126).- PRODUTIVIDADE POLICÍA LOCAL-SEGURIDADE TENENCIA ALCALDÍA 1º SEMESTRE 2009. EXPTE. 19158/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de recursos humanos, do 6.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 29 de xuño do 2007 o Tenente de Alcalde solicitou que os funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218 -ambos membros do Corpo da Policía Local coa categoría de gardas- lle presten apoio persoal no desenvolvemento das súas funcións de carácter público, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado.

Considerando a petición formulada, así como as especiais necesidades manifestadas polo Tenente de Alcalde, e no uso das competencias que en canto á xefatura do Corpo da Policía Local ostenta a Alcaldía-Presidencia segundo preceptúa o artigo 124.4.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local en canto ao réxime xurídico dos municipios de grande poboación, a Alcaldía-Presidencia resolveu, en data 10 de xullo de 2007 dispoñer que os funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218, gardas do Corpo da Policía Local, realicen funcións de asistencia persoal e apoio ao Tenente de Alcalde, Sr. D. Santiago Domínguez Olveira, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado, con carácter exclusivo e baixo as ordes directas do mesmo, sen prexuízo das competencias reservadas ex lege á Alcaldía-Presidencia polo artigo 124.4.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.

Posteriormente, por resolución da Alcaldía Presidencia de data 1 de decembro de 2008 se deixa sen efecto a asignación de funcións de asistencia persoal e apoio ao Tenente Alcalde realizada a favor do funcionario D Juan Pablo Alonso Rodriguez con DNI 36.075.555 e nº de persoal 18218 e se dispon que D Manuel Antonio Vazquez Rodriguez , con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253, adscrito ao Servizo da Policía Local pase a realizar ditas funcións.

Os devanditos funcionarios, D. José Luis Pérez Costas e D Manuel Antonio Vazquez Rodriguez continuarán adscritos aos seus respectivos postos de traballo, percibindo as retribucións inherentes

aos mesmos de conformidade coa lexislación vixente en materia de Función Pública, sen prexuízo daqueles complementos retributivos cuxo outorgamento poda acordar a Xunta de Goberno Local en atención ao especial rendemento, interese ou dedicación no desenvolvemento das funcións encomendadas, consonte ás vixentes Instrucións de Plantilla.

En data 1 de xullo de 2009, o Tenente Alcalde, D Santiago Dominguez Olveira solicita o aboamento dun complemento de produtividade aos funcionarios citados pólo importe correspondente as diferenzas retributivas existentes em canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial conductor da Alcaldía, entre o período correspondente entre o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2008, no caso de D D. José Luis Pérez Costas e no caso de D. Manuel Antonio Vazquez Rodriguez no período comprendido entre a data da resolución de encomenda de funcións ao 31 de decembro de 2008.

Os postos 134 policía local están retribuídos no ano 2009 cun importe mensual de CD (16) de 367,23 € e un CE (152) de 762,73 €. Os postos 162 oficial conductor da Alcaldía retribúense cun importe mensual de CD (16) de 367,23 € e un CE (130) de 1046,13 €

Polo tanto, a diferenza entre ambos postos supón un total mensual de 283,4 € ao mês.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarto e definitiva única da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

Pólo anteriormente exposto e segun a instrución de servizo do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 3 de xullo de 2009, e vistos os feitos precedentes, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, pólo que, no caso de que a Xunta de Goberno así o estime, correspondería aboar, pólo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2009 a cantidade total de 3400,80 € dos que corresponden 1700,40 € a D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e a mesma cantidade a D. Manuel Antonio Vazquez Rodriguez con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253.

Ditas cantidades seran aboadas con cargo a partida orzamentaria 121.1.1500000 do vixente orzamento.

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral:

- ◆ *O Aboamento, pólo importe correspondente as diferencias retributivas existentes en canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial conductor da Alcaldía, pólo período comprendido entre o 1 de de xaneiro ao 30 de xuño de 2009, a cantidade de 1700.40 € a D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e a mesma cantidade (1700,40 €) a D. Manuel Antonio Vázquez Rodríguez, con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253,*

Dese traslado do presente acordo aos interesados, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

46(1127).- PRODUCTIVIDADE POLICÍA LOCAL –SEGURIDADE TENENCIA ALCALDÍA 2º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19157/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de recursos humanos, do 6.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Dentro do persoal que presta os seus servizos na 1ª tenencia da Alcaldía, figuran dous postos de policía local-seguridade, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, segundo o disposto no Decreto de data 10 de xullo de 2007 e 1 de decembro de 2008, da Alcaldía-Presidencia.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acreedores do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da 1º tenencia de Alcaldía no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O 1º Tenente Alcalde, a través de escrito de data 1 de xullol de 2009, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrución 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas, dada a similitude das súas funcións coas correspondentes aos conductores de

alcaldía. Inclúese declaracións xuradas dos funcionarios D Jose Luis Perez Costas e D Manuel Antonio Vazquez Martinez, do número de horas realizadas no período comprendido entre abril-xuño 2009

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Emprego Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no arti. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, en concreto a citada instrución 3ª j), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación”.

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servicios, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4.93 € hora normal e de 7.51 € hora festiva no caso de D Manuel Antonio Vazquez Martinez e 5.10 € hora normal e 7.78 € no caso de D Jose Luis Perez Costas, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policia local-seguridade,

Juan Luis Perez Costas	total horas 2º trim 09	importe/hora	Total
normais	115	5,1	586,5
festivas	58	7,68	445,44
			1031,94

D. Manuel Antonio Vazquez MArtinez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policia local-seguridade,

D. Manuel Antonio Vazquez MArtinez	total horas 2º trim 09	importe/hora	Total
normais	91	4,93	448,63
festivas	75	7,51	563,25
			1011,88

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo con cargo a partida 121.0.1500000, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concurrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como policia locais- seguridade da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamento no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, polo periodo comprendido entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2009:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policia local-seguridade, por importe de 1031,94

€

D. Manuel Antonio Vazquez MArtinez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policia local-seguridade, por importe de 1011,88 €

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(1128).- PRODUTIVIDADE DOS CHOFERES ALCALDÍA 2º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19151/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 6.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante o segundo trimestre do presente ano 2009, de conformidade coa proposta do xefe do Servizo de Protocolo e RR.PP, de data 3 de xullo de 2009:

- ◆ D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.136,51 €.
- ◆ D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.416,77 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

48(1129).- AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 19194/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión do Fondo de Acción Social adoptado en xuntanza do 5.07.09, o informe de fiscalización do 3.08.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 21.07.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar as axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 10.131 € (DEZ MIL CENTO TRINTA E UN EUROS), ós empregados municipais que se re-

lacionan, nos termos da proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do 20/07/09:

NOME	DI	Nº Persoal	EUROS
Alfayete Rodriguez M ^a Catalina	9.282.427	79.850	960 €
Cid Monteiro Patricia	36.132.072	79.498	796 €
Conde Fernandez José Carlos	36.063.460	22.295	225 €
Dios Alvarez José María	35.931.232	14.137	798 €
González Rodríguez Miguel J.	36.036.153	14.835	915 €
Mariño Villanueva Julia	36.045.806	22.361	3.525 €
Rodríguez Caeiro Javier	36.130.786	78.769	65 €
Rodríguez Lestón Bernardo	36.007.773	11.854	650 €
Sánchez Saiz José Rodolfo	35.989.903	16.202	960 €
Sieiro Cerdeira Cesar	34.931.308	22.527	832 €
Vazquez Pazó Modesto	36.063.855	77.034	405 €
SUMA TOTAL			10.131 €

49(1130).- TOMA DE COÑECEMENTO DA FUSIÓN POR ABSORCIÓN DE “VUELING AERLINES, S.A.” E “CLICKAIR, S.A.” EXPTE. 833/107.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, do 19.08.09, conformado polo tenente de Alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 03/08/09 adjudicou a empresa Clickair S.A. o contrato de patrocinio publicitario entre o Concello de Vigo e a compañía aérea.

Con data 12/08/09 Clickair S.A. comunica mediante escritura outorgada ante o Notario de Barcelona Dona Berta García Prieto de 14/07/09 e con número de protocolo 2687 a fusión por absorción de Clickair S.A. acompañando certificado notarial de dita absorción.

O artigo 202.4 da L.C.S.P. afirma que no caso de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista continuará contrato coa entidade absorbente ou resultante da fusión, que quedará subrogada en tódolos dereitos e obrigas dimanates do mesmo.

A vista das anteriores consideracións, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Darse por enterada da fusión por absorción de Vueling Airlines S.A. (sociedade absorbente) e Clickair S.A. (sociedade absorbida) e polo tanto a primeira delas subrogase en tódolos dereitos e obrigas resultantes do contrato de patrocinio publicitario entre o Concello de Vigo e a compañía aérea adjudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 03/08/09”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da fusión por absorción de Vueling Airlines S.A. (sociedade absorbente) e Clickair S.A. (sociedade absorbida) e polo tanto a primeira delas

subrogase en tódolos dereitos e obrigas resultantes do contrato de patrocinio publicitario entre o Concello de Vigo e a compañía aérea adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 03/08/09.

50(1131).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 4.799,52 € A FAVOR DE EULEN S.A. POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 95/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.07.09, o informe xurídico do 14.07.09, dáse conta do informe-proposta do vogal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor técnico no Mercado do Progreso, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, que di o seguinte:

FEITOS

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 6 de marzo de 2006 acordou “(...)1º.- Incoar expediente informativo á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado municipal do Progreso, ó obxecto de fiscalización da xestión e funcionamento do devandito servizo, e para poder determinar as causas que motivaron a situación actual e as medidas oportunas para subsanarla.(...)3º.- Adoptar a medida cautelar excepcional de asumir a execución directa do servizo do Mercado municipal do Progreso ata a substanciación do expediente informativo previsto no punto 1º, co fin de garantir a prestación do servizo de mercado.”

Pola súa banda, en Sesión Ordinaria que tivo lugar o día 10 de abril de 2006, acordou “(...)PRIMEIRO.- Prorrogar a medida excepcional de execución directa municipal do servizo do Mercado municipal do Progreso.(...) OITAVO.- Proceder a contratar a ampliación da prestación do servizo de limpeza no Mercado do Progreso, ó resultar este na actualidade insuficiente.NOVENO.- Contratar a prestación de servizo de seguridade no mercado, dado que na actualidade non existe é obrigatorio por imposición do artigo 3 do Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais(...)”

Por último, en data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno acordou:

“1º.- Acordar o secuestro da concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo e formalizada en documento administrativo en agosto de 2004.

2º.- O secuestro acordase ata que a resolución da concesión proposta no nº 4 do presente acordo adquira firmeza en vía administrativa, sin que poida exceder en ningún caso do prazo regulamentario de dous anos.

3º.- Nomear interventor técnico do Mercado do Progreso, en tanto dure o secuestro do mesmo, o vocal do Tribunal Económico Administrativo D. Miguel A. Pola Tombo.

4º.- Resolver o contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vende-

dores do Mercado do Progreso de Vigo, por incumprimento culpábel do concesionario, previo trámite de audiencia ó mesmo, por prazo de 10 días para que manifeste o que o seu dereito conveña.

5º.- No caso de que no prazo concedido para alegacións á Asociación de Comerciantes e Vendedores del Mercado do Progreso de Vigo non formule oposición, a presente proposta de resolución adquirirá firmeza. En caso contrario, previa contestación ás alegacións plantexadas, solicitarase informe ó Consello Consultivo de Galicia.

6º.- Proceder a incautación da garantía constituída pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, mediante aval bancario prestado pola entidade Caixanova, en data 3 de xuño de 2003, por un importe de 3. 005, 00 €, previo trámite de audiencia a entidade avalista.

7º.- Proceder a liquidación da concesión, así como a determinación dos danos e perdas causados ó Excmo. Concello de Vigo por mor da modificación do obxecto da concesión e a conseguinte explotación do servizo de aparcadoiro.

8º.- Unha vez resolta a concesión, proceder ó outorgamento de autorizacións ós titulares dos postos de venda no Mercado do Progreso para garantir a continuidade na prestación do servizo de mercado, así como proceder a contratación dos servizos necesarios para o bo funcionamento do mercado, impostos no Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais”.

SEGUNDO.- Constatada a necesidade da prestación dos servizos imprescindibles para a execución dos citados acordos, a partida asignada para os gastos da Xestión do Mercado do Progreso revelou-se pronto insuficiente para facer fronte os gastos, e elo motivado principalmente polo feito de que os ingresos xenerados polas tarifas pola ocupación dos postos e pola imposición das sancións, destinados a xenerar crédito por ingresos de natureza non tributaria, precisaban duns actos de xestión previa que, téndose demorado no tempo, facían insuficiente o importe da partida orzamentaria correspondente, e elo non tanto pola insuficiencia dos ingresos previsibles en relación cós gastos, sinón máis ben polo desfase temporal entre o devengo dos segundos e a efectividade dos primeiros.

Consecuencia de elo, revelou-se a imposibilidade de proceder á contratación do servizo (tanto pola insuficiencia da partida de gasto como polo feito da duración, breve pero indeterminada, da medida temporal acordada polo Concello de Vigo), e por elo, comunicóuse á citada empresa, dado o carácter imprescindible do servizo para a axeitada xestión temporal do Mercado do Progreso, a necesidade de que se segue prestando os seus servizos, tendo realizados os mesmos dun xeito correcto, non sendo a demora na tramitación e no pagamento atribuíble en ningún caso a mesma.

Pola súa banda, no ano 2007, e dada a inexistencia de orzamento municipal, empregouse o saldo da partida destinada á atención dos gastos correntes do Mercado en abonar o importe das indemnizacións derivadas do Convenio para a resolución de mutuo acordo da concesión coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso.

Subsanada parcialmente a situación relatada a data de hoxe tralo convenio asinado coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso e a inclusión nos orzamentos de 2009 de contía axeitada e suficiente na partida 6220.227.06.11 “Gastos funcionamento Mercado Progreso”, o Concello de Vigo está en disposición de facer fronte ás obrigas de pago contraídas coa interesada en relación coas facturas por ela remitidas e que se relacionan a continuación:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
------------	-------------	---------	-----------	-----------	----------	------------

<i>exped fact</i>	<i>estado fact</i>	<i>nº fact</i>	<i>data fact</i>	<i>fact base</i>	<i>fact ive</i>	<i>fact total</i>
75-551	v	2130438	30/11/2008	1.379,17 €	220,67 €	1.599,84 €
76-551	v	2138931	31/12/2008	1.379,17 €	220,67 €	1.599,84 €

TERCEIRO.- As contías facturadas atópanse en tódolos casos nos valores normáis de Mercado, o proceder, de contías xa facturadas con anterioridade a asunción municipal da xestión do Mercado ou ser resultado da continuación de prestacións contratadas polo Concello de Vigo, segundo se desprende dos correspondentes expedientes administrativos.

Constan asimesmo nos expedientes declaracións dos terceiros de que có abono das cantidades indicadas dáse por resarcido da débeda económica e de que os prezos son os normáis no mercado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- As actuacións levadas a cabo polo Concello, en relación coas facturas de referencia, comprometeron, no seu día, un gasto corrente de carácter voluntario con irregularidades procedimentais que implican falta de crédito adecuado e suficiente, aínda que non ausencia total do procedemento, pero o primeiro punto determina a súa nulidade absoluta, de conformidade có establecido no RDLex 2/2004 e RD 500/1990, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

SEGUNDO.- Non obstante a devandita nulidade das actuacións municipais, as prestacións a favor deste Concello, cuxo pago se reclama, foron realizadas a satisfacción deste, polo que debe procederse ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, recoñecendo obrigas correspondentes a exercicios anteriores, que por calquera causa non o tiveran sido en aquel ó que correspondían, atribuíndose á Xunta de Goberno Local tal recoñecemento, a fin de evitar un enriquecemento inxustificado desta Administración municipal, de conformidade coa base 28 das Bases de Execución do Orzamento para o exercicio, segundo a cal "(...) as débedas nadas fora do presuposto serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente e pola Xunta de goberno Local nos demais casos (...)"

TERCEIRO.- No orzamento corrente, na partida 6220.227.06.11 "Gastos funcionamento Mercado Progreso", existe crédito suficiente para facer fronte ó recoñecemento extraxudicial que se propón e polo asinante se considera que non existe impedimento nin limitación á imputación deste gasto ó orzamento corrente en relación coas restantes necesidades de gasto que deben imputarse á partida en cuestión durante o ano en curso.

Existindo crédito orzamentario no orzamento corrente para facer fronte á indemnización substitutiva proposta, é competente para a súa aprobación a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO

1º.- Aprobar o recoñecemento dos créditos antes expresados, todo elo sin prexuízo de esixir as correspondentes responsabilidades pola realización de gastos sin a correspondente partida orzamentaria, a favor de EULEN SA, na contía de 4.799,52 €, correspondentes ós servizos de administración e xerencia do Mercado prestados no Mercado do Progreso.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor EULEN SA(C.I.F. A28517308), polo importe de 4.799,52 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
10-551	v	2115688	31/10/2008	1.379,17 €	220,67 €	1.599,84 €
75-551	v	2130438	30/11/2008	1.379,17 €	220,67 €	1.599,84 €
76-551	v	2138931	31/12/2008	1.379,17 €	220,67 €	1.599,84 €

3º.- Ordenar o pago a favor de COMPAÑÍA EULEN SA(C.I.F. A28517308) polo devandito importe de 4.799,52 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Gastos funcionamento Mercado Progreso” do orzamento vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

51(1132).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 35.332,52 € A FAVOR DE COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA S.A. POLOS SERVICIOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 100/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.07.09, o informe xurídico do 14.07.09, dáse conta do informe-proposta do vogal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor técnico no Mercado do Progreso, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, que di o seguinte:

FEITOS

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 6 de marzo de 2006 acordou “(...)1º.- Incoar expediente informativo á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado municipal do Progreso, ó obxecto de fiscalización da xestión e funcionamento do devandito servizo, e para poder determinar as causas que motivaron a situación actual e as medidas oportunas para subsanarlas.(...)3º.- Adoptar a medida cautelar excepcional de asumir a execución directa do servizo do Mercado municipal do Progreso ata a substanciación do expediente informativo previsto no punto 1º, co fin de garantir a prestación do servizo de mercado.”

Pola súa banda, en Sesión Ordinaria que tivo lugar o día 10 de abril de 2006, acordou “(...)PRIMEIRO.- Prorrogar a medida excepcional de execución directa municipal do servizo do Mercado municipal do Progreso.(...) OITAVO.- Proceder a contratar a ampliación da prestación do servizo de limpeza no Mercado do Progreso, ó resultar este na actualidade insuficiente.NOVENO.- Contratar a prestación de servizo de seguridade no mercado, dado que na actualidade non existe é obrigatorio por imposición do artigo 3 do Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais(...)”

Por último, en data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno acordou:

“1º.- Acordar o secuestro da concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo e formalizada en documento administrativo en agosto de 2004.

2º.- O secuestro acordase ata que a resolución da concesión proposta no nº 4 do presente acordo adquira firmeza en vía administrativa, sin que poida exceder en ningún caso do prazo regulamentario de dous anos.

3º.- Nomear interventor técnico do Mercado do Progreso, en tanto dure o secuestro do mesmo, o vocal do Tribunal Económico Administrativo D. Miguel A. Pola Tombo.

4º.- Resolver o contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, por incumprimento culpábel do concesionario, previo trámite de audiencia ó mesmo, por prazo de 10 días para que manifieste o que o seu dereito conveña.

5º.- No caso de que no prazo concedido para alegacións á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo non formule oposición, a presente proposta de resolución adquirirá firmeza. En caso contrario, previa contestación ás alegacións plantexadas, solicitarase informe ó Consello Consultivo de Galicia.

6º.- Proceder a incautación da garantía constituída pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, mediante aval bancario prestado pola entidade Caixanova, en data 3 de xuño de 2003, por un importe de 3. 005, 00 €, previo trámite de audiencia a entidade avalista.

7º.- Proceder a liquidación da concesión, así como a determinación dos danos e perdas causados ó Excmo. Concello de Vigo por mor da modificación do obxecto da concesión e a conseguinte explotación do servizo de aparcadoiro.

8º.- Unha vez resolta a concesión, proceder ó outorgamento de autorizacións ós titulares dos postos de venda no Mercado do Progreso para garantir a continuidade na prestación do servizo de mercado, así como proceder a contratación dos servizos necesarios para o bo funcionamento do mercado, impostos no Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais”.

SEGUNDO.- Constatada a necesidade da prestación dos servizos imprescindibles para a execución dos citados acordos, a partida asignada para os gastos da Xestión do Mercado do Progreso revelou-se pronto insuficiente para facer fronte os gastos, e elo motivado principalmente polo feito de que os ingresos xenerados polas tarifas pola ocupación dos postos e pola imposición das sancións, destinados a xenerar crédito por ingresos de natureza non tributaria, precisaban duns actos de xestión previa que, téndose demorado no tempo, facían insuficiente o importe da partida orzamentaria correspondente, e elo non tanto pola insuficiencia dos ingresos previsibles en relación cós gastos, sinón máis ben polo desfase temporal entre o devengo dos segundos e a efectividade dos primeiros.

Consecuencia de elo, revelóuse a imposibilidade de proceder á contratación do servizo (tanto pola insuficiencia da partida de gasto como polo feito da duración, breve pero indeterminada, da medida temporal acordada polo Concello de Vigo), e por elo, comunicóuse á citada empresa, dado o carácter imprescindible do servizo para a axeitada xestión temporal do Mercado do Progreso, a necesidade de que se segue prestando os seus servizos, tendo realizados os mesmos dun xeito correcto, non sendo a demora na tramitación e no pagamento atribuíble en ningún caso a mesma.

Pola súa banda, no ano 2007, e dada a inexistencia de orzamento municipal, empregouse o saldo da partida destinada á atención dos gastos correntes do Mercado en abonar o importe das indemnizacións derivadas do Convenio para a resolución de mutuo acordo da concesión coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso.

Subsanada parcialmente a situación relatada a data de hoxe tralo convenio asinado coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso e a inclusión nos orzamentos de 2009 de contía axeitada e suficiente na partida 6220.227.06.11 “Gastos funcionamento Mercado Progreso”, o Concello de Vigo está en disposición de facer fronte ás obrigas de pago contraídas coa interesada en relación coas facturas por ela remitidas e que se relacionan a continuación:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
1400-550	v	08-0830	31/07/2008	5.027,10 €	804,34 €	5.831,44 €
1401-550	v	08-0984	31/08/2008	5.665,16 €	906,42 €	6.571,58 €
1402-550	v	08-1081	30/09/2008	5.027,10 €	804,34 €	5.831,44 €
1482-550	v	08-1209	31/10/2008	5.252,68 €	840,43 €	6.093,11 €
79-551	v	08-1336	30/11/2008	4.640,40 €	742,46 €	5.382,86 €
80-551	v	08-1486	31/12/2008	4.846,64 €	775,46 €	5.622,10 €

TERCEIRO.- As contías facturadas atópanse en tódolos casos nos valores normáis de Mercado, o proceder, de contías xa facturadas con anterioridade a asunción municipal da xestión do Mercado ou ser resultado da continuación de prestacións contratadas polo Concello de Vigo, segundo se desprende dos correspondentes expedientes administrativos.

Constan asimesmo nos expedientes declaracións dos terceiros de que có abono das cantidades indicadas dáse por resarcido da débeda económica e de que os prezos son os normáis no mercado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- As actuacións levadas a cabo polo Concello, en relación coas facturas de referencia, comprometeron, no seu día, un gasto corrente de carácter voluntario con irregularidades procedimentais que implican falta de crédito adecuado e suficiente, aínda que non ausencia total do procedemento, pero o primeiro punto determina a súa nulidade absoluta, de conformidade có establecido no RDLex 2/2004 e RD 500/1990, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

SEGUNDO.- Non obstante a devandita nulidade das actuacións municipais, as prestacións a favor deste Concello, cuxo pago se reclama, foron realizadas a satisfacción deste, polo que debe procederse ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, recoñecendo obrigas correspondentes a exercicios anteriores, que por calqueira causa non o tiveran sido en aquel ó que correspondían, atribuíndose á Xunta de Goberno Local tal recoñecemento, a fin de evitar un enriquecemento inxustificado desta

Administración municipal, de conformidade coa base 28 das Bases de Execución do Orzamento para o exercicio, segundo a cal "(...) as débedas nacidas fora do presuposto serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente e pola Xunta de goberno Local nos demais casos (...)"

TERCEIRO.- No orzamento corrente, na partida 6220.227.06.11 "Gastos funcionamento Mercado Progreso", existe crédito suficiente para facer fronte ó recoñecemento extraxudicial que se propón e polo asinante se considera que non existe impedimento nin limitación á imputación deste gasto ó orzamento corrente en relación coas restantes necesidades de gasto que deben imputarse á partida en cuestión durante o ano en curso.

Existindo crédito orzamentario no orzamento corrente para facer fronte á indemnización substitutiva proposta, é competente para a súa aprobación a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO

1º.- Aprobar o recoñecemento dos créditos antes expresados, todo elo sin prexuízo de esixir as correspondentes responsabilidades pola realización de gastos sin a correspondente partida orzamentaria, a favor de COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA SA, na contía de 35.332,52 €, correspondentes ós servizos de seguridade prestados no Mercado do Progreso.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA SA(C.I.F. A15922198), polo importe de 35.332,52 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
1400-550	v	08-0830	31/07/2008	5.027,10 €	804,34 €	5.831,44 €
1401-550	v	08-0984	31/08/2008	5.665,16 €	906,42 €	6.571,58 €
1402-550	v	08-1081	30/09/2008	5.027,10 €	804,34 €	5.831,44 €
1482-550	v	08-1209	31/10/2008	5.252,68 €	840,43 €	6.093,11 €
79-551	v	08-1336	30/11/2008	4.640,40 €	742,46 €	5.382,86 €
80-551	v	08-1486	31/12/2008	4.846,64 €	775,46 €	5.622,10 €

3º.- Ordenar o pago a favor de COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA SA(C.I.F. A15922198) polo devandito importe de 35.332,52 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 "Gastos funcionamento Mercado Progreso" do orzamento vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

52(1133).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE AUTOMATISMOS Y ELECTROMECAÁNICA S.L. CONSTITUÍDA POR OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA NA RÚA FRIÁN. EXPTE. 47492/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 11.12.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 20/07/2006 autorizouse a Grupo Arines 7, S.L. a realización dunha canalización eléctrica na rúa Frián con número de expediente 47492/250, , constituíndo unha fianza de 548,87 € (cincocentos corenta e oito con oitenta e sete euros) a nome de Automatismos y Electromecánica, S.L., con número de operación 200600039337 de data 22/08/2006.

Solicitada a devolución da fianza con data 24/06/2009 e número de documento 90094797 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 12/08/2009, indícase que o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 548,87 € (cincocentos corenta e oito con oitenta e sete euros) a nome de AUTOMATISMOS Y ELECTROMECAÁNICA, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

53(1134).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE ALAMEDA VIGO S.L. CONSTITUÍDA PARA PODER CIRCULAR CON VEHÍCULOS PESADOS POLA RÚA GARCÍA OLLOQUI. EXPTE. 59372/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 11.12.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 14/02/2006 autorizouse a ALAMEDA VIGO SL. a circular con vehículos pesados pola rúa García Olloqui (Exp. 11674/2006), constituíndo unha fianza de 57.00 € (cincoenta e sete mil euros) para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar no mobiliario urbano polo paso dos mentados camións, con número de operación 200600009120 de data 03/03/2006.

Solicitada a devolución da fianza con data 15/06/2009 e número de documento 90088629 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 31/07/2009, indícase que o pavimento quedou en bo estado a efectos da devolución da fianza .

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 57.000 € (cincoenta e sete mil euros), a favor de ALAMEDA VIGO SL.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

54(1135).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE ALAMEDA DE VIGO, S.L. CONSTITUÍDA PARA PODER CIRCULAR CON VEHÍCULOS PESADOS POLA RÚA GARCÍA OLLOQUI. EXPTE. 59280/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 11.12.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 09/02/2009 autorizouse a Alameda Vigo S.L. . o acceso con camións de gran tonelaxe á rúa García Olloqui,1 con número de expediente 71905/210, constituíndo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200600009468 de data 06/03/2006.

Solicitada a devolución da fianza con data 15/06/2009 e número de documento 90088586 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 13/08/2009, indícase que o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de Alameda Vigo, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

55(1136).- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL: COMUNICACIÓN DOS TRABALLOS DA COMISIÓN TÉCNICA DE ADAPTACIÓN DA NORMATIVA LOCAL Á DIRECTIVA DE SERVIZOS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 21 de xullo pola Alcaldía asinouse Resolución constituíndo a Comisión técnica de adaptación da normativa local á Directiva de Servizos para levar a cabo os traballos de identificación, avaliación e modificación da normativa local afectada, para garantir o cumprimento Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ós servizos no Mercado Interior, para garantir a libre prestación de servizos.

En data 24 de xullo tivo lugar a primeira sesión da Comisión, a efectos fundamentalmente informativos sobre o alcance da Directiva no Concello de Vigo.

En data 31 de xullo reúnese novamente a Comisión realizando unha análise inicial da incidencia da Directiva así como encomendando ós seus integrantes os traballos de identificación da normativa municipal afectada para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do disposto na Resolución de Alcaldía.

Remitidos os traballos previos de identificación polos integrantes da Comisión procede informar dos resultados dos traballos á Xunta de Goberno Local para continuar coa tramitación establecida.

Polo exposto, dende esta Concellería veño en presentar á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro(1135).- Tomar coñecemento dos traballos previos da Comisión Técnica de identificación da normativa municipal afectada pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ós servizos no Mercado Interior.

Segundo.- Comunicar ó Ministerio de Administracións Públicas os traballos de identificación a efectos do seu coñecemento dentro do programa de traballo para a adaptación da normativa local á Directiva de Servizos.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Secretaria Xeral do Pleno a efectos da súa execución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

56(1137).- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL: INTEGRACIÓN NO PORTELO ÚNICO DA DIRECTIVA DE SERVIZOS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

O 28 de decembro do ano 2006 entrou en vigor a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ós servizos no Mercado Interior, que establece un prazo de tres anos para que os Estados Membros adopten as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para a transposición da mesma.

O cumprimento da Directiva fai necesario non só proceder á adaptación da normativa local afectada, senón tamén poñer a en marcha unha serie de mecanismos e os procedimentos axeitados, como é o caso da implantación da portelo único ou dos procedimentos por vía electrónica.

Polo exposto, o Concello de Vigo a efectos de facilitar ó libre establecemento dos prestadores de servizos e a mellora da xestión administrativa, considera axeitado tramitar a súa integración no portelo único da Directiva de servizos, para permitir que os prestadores poidan levar a cabo todos os procedimentos e trámites necesarios para o acceso ó exercicio dunha actividade de servizos a través dun único punto e por vía electrónica.

Asimesmo dentro da competencia que corresponde ó Concello debe decidir o xeito de realizar os trámites de competencia propia e o modelo, de entre os propostos, para integrar a información municipal no portelo único da Directiva de servizos.

De conformidade co exposto veño en presentar á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Integrar ó Concello de Vigo no portelo único da Directiva de Servizos de conformidade coas disposicións de aplicación e en cumprimento do principio de cooperación administrativa.

Segundo.- Ordear ós servizos informáticos municipais a realización dos trámites necesarios para garantir o dereito dos cidadáns á realización das xestións en materia de servizos a través do portelo único referido, por vía electrónica e a distancia, así como á obtención da información legalmente establecida.

Terceiro.- Ordear ós servizos informáticos municipais que procedan ó rexistro no sistema IMI (Sistema de información do mercado interior) do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

57(1138).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN E ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NA PARROQUIA DE CANDEÁN. EXPTE. 8688/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.07.09, o informe de Intervención Xeral do 23.07.09, e de acordo co informe-proposta de Contratación, do 13.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto que de 69.523,38 euros para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución e estudo de seguridade e saúde dun pavillón polideportivo na parroquia de Candeán do Concello de Vigo, que se imputarán a partida 4521.227.06.01 do presuposto do ano 2009.

2º Aproba-lo expediente para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución e estudo de seguridade e saúde dun pavillón polideportivo na parroquia de Candeán do Concello de Vigo que contén o prego de prescripcíons técnicas particulares de 17-03-09, e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 25-05-2009.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

58(1139).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e catorce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.